

Contribuir á aprendizaxe científica a partir dos libros e dunha reflexión crítica sobre eles

Xornada clubs lectura 21 de maio

José Luis Quintela Julián

(Josito Diminuto)

A nosa experiencia no IES Agra do Orzán
e no CPI de Atios, o IES Concepción Arenal
e o IES de Carral


Cursos 2021-2022, 2022-2023, 2023-2024 e 2024-2025





Breve índice da presentación


- ⇒ Un obxectivo tentativo para o club de lectura científica
- ⇒ Algún elemento de contexto
- ⇒ Que fixemos nós?
- ⇒ A proposta
- ⇒ Os libros
- ⇒ Actividades complementarias
- ⇒ Aprendizaxes
- ⇒ Testemuñas






Un obxectivo tentativo para un club de lectura científica

- ⇒ Promover o hábito lector
- ⇒ Espallar o coñecemento científico
- ⇒ Protexer o alumnado dos bulos e as pseudociencias, dos tópicos e da rumoroloxía...
- ⇒ Fomentar o debate crítico
- ⇒ Incitar a preguntar as causas das cousas



Situación presente, ao noso xuízo...

- ➔ Desde o noso punto de vista, a situación dos nenos con respecto á lectura está moi polarizada hoxe:
 - Por unha parte, nenos e nenas que o len todo, e que “entran ao trapo” de calquera actividade que lles propoñas
 - E, por outra, nenos e nenas totalmente refractarios a calquera proposta que implique ler
- ➔ Co cal tanto o profesorado como o alumnado que se achega ao club xa vén convencido... (limitada capacidade de conversión)



Situación presente

- ➔ E isto moi amplificado pola dixitalización e enorme dispoñibilidade de contidos multimedia dos últimos anos, que leva máis a VER e menos a LER



Que fixemos para contribuír a cambiar esta situación...?

- ➡ Proposta de actividade: Club de lectura científica.
- ➡ Marco temporal: 4 cursos académicos
- ➡ Por diversas causas puiden cadrar horarios entre o centro de destino e... outros

- 2021-22: IES Agra do Orzán (Coruña)
- 2022-23: IES Agra do Orzán + CPI Atios (Valdoviño)
- 2023-24: IES Agra do Orzán + CPI Atios + IES Concepción Arenal (Ferrol)
- 2024-25: IES Agra do Orzán + IES Carral

- ➡ No cuarto ano, o club sigue ademais no CPI Atios da man de Marina



A proposta...

- ⇒ Club mixto: alumnado + profesorado
- ⇒ 1 Sesión á semana (1 recreo)
- ⇒ Lectura na casa
- ⇒ Posta en común na sesión presencial
- ⇒ Algunhas (poucas) actividades complementarias: visitas, comunicación con autores, sesión máis longa extraordinaria...



Jules Verne
A illa misteriosa

XARAIS



XARAIS




Os libros


⇒ 1º libro: *A illa misteriosa* de Verne



- Proposta fixa. Obra cumio do autor, parte dunha triloxía con *Os fillos do Capitan Grant* e *Vinte mil leguas de viaxe submarina*
- Grandes vantaxes pola gran cantidade de temas que toca nos eidos da Bioloxía, Física, Química, Matemática...
- Permite unha exploración da metalinguaxe e do contexto histórico e social
- Exclusión da muller: radiografía dunha época
- Parte do conflito bélico: discurso da paz e a non violencia

⇒ A partir de aí..

- Todo está aberto...








Os libros

➞ Algúns dos libros lidos nestes anos:

- A illa misteriosa, VERNE
- Os nenos da variola, MARÍA SOLAR
- A soidade selénica, JUAN PARCERO
- Conversaciones de Física con mi perro, CHAD ORZEL
- O home que plantaba árboles, JEAN GIONO
- Brevísima historia del tiempo, S. HAWKING e L MLODINOW
- Planilandia, EDWIN ABBOTT
- Fahrenheit 451, RAY BRADBURY
- A vida misteriosa
- ...



Actividades complementarias

⇒ Visitas:

- MUDITEL A Coruña co IES AGRA DO ORZÁN
- Visita proxectada á ruta de ISABEL ZENDAL en A Coruña (non feita) – Pendente
- Visita proxectada a Vigo – Ruta J. VERNE – Pendente
- Visita Planetario A Coruña – Casa de las Ciencias

⇒ Sesións extraordinarias

- Fóra do recreo, con máis tempo e algo para merendar

⇒ Actividade en redes sociais (animación á lectura)

⇒ Sesións con autores/as

- 2 sesións telemáticas con Juan Parcer o (A soidade selénica)
- Contacto con María Solar (Os nenos da variola)



Visita Casa de las Ciencias



Visita Muditel



Visita Muditel



Aprendizaxes:

- ➔ Os libros teñen que ser quen de “levantar” temas científicos, variados, multidisciplinares e transversais. Iso é o máis interesante, por riba doutros valores das obras.
- ➔ Ás veces a cousa vai ben, outras regular e outras... mal. Parte do alumnado e o profesorado pode perder o interese, ou ir e vir segundo vaia o vento... Pero a cousa é... perseverar...
- ➔ Nos centros, afortunadamente, hai moitas máis actividades, moitas distraccións e... non hai que angustiarse co quórum... A cousa é... intentalo...




Aprendizaxes (II)



- ➡ Non todos os libros, por bos que sexan, son quen de fomentar o diálogo en torno á ciencia. O exemplo é Fahrenheit 451, un clásico marabilloso pero que responde máis a unha reflexión sociolóxica sobre a sociedade que retrata, psicolóxica sobre os personaxes da novela ou mesmo filosófica...
- ➡ Viva a interdisciplinariade! Unha das mellores cousas que nos pasou foi ler a Verne no Agra do Orzán co profe de francés ou a de galego no club, comentando detalles da linguaxe e das diferentes traducións.



Proxecto presente e... futuro (máis arriscado, intrépido e un tanto aloucado)

- ➔ Escribimos *A vida misteriosa*, un libro no que unha rapaza galega de cuarto de ESO reflexiona sobre a súa existencia e nos mostra un anaco da súa propia vida, levantando moitos máis temas científicos que comentamos nas diferentes sesións e chega á conclusión de que a illa de Verne era misteriosa... pero a vida moito máis !!!
 - Nove capítulos xa escritos e comentados no club no IES Agra do Orzán
 - Pendentes de confección do Glosario Científico e terminación dos tres capítulos restantes. Previsto fin no curso 25-26.





Testemuñas

- ➔ Pedínlles a algunhas das persoas participantes que opinen sobre que achega, para elas, a proposta desenvolvida no club de lectura científica...



Testemuñas


Video Begoña

Begoña Torreiro
IES Agra do Orzán

video Tania + Marina

Tania Ruanova
Directora CPI ATIOS


Marina Pernas
Coord. Club Lectura Científica
CPI ATIOS 2024-2025



Testemuñas (II)

- ➔ Xián Fiaño é alumno de Bacharelato do IES Agra do Orzán

video Xián




Testemuñas (III)

- ➔ Diego Martínez é alumno de Bacharelato do IES Agra do Orzán

video Diego



**Rematamos coa *peza promocional do club* no
IES Concepción Arenal – Ferrol
curso 2023-2024**



Grazas !!

O club de lectura científica foi posible nos catro institutos pola participación entusiasta de profes como: Xacobe, Begoña, Iolanda, María, François, Mari, Zeltia, Laura, Marina, Magdalena, Fina, Alejandro “o teacher”, Anxo, María, María José, María...

Grazas a todos eles e elas...!

E grazas a todos os rapaces e rapazas que o fixeron posible...!

